

CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

PLAN ECONÓMICO FINANCIERO, LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA 2018 DO GRUPO

Expediente nº: 60/142

Vixencia do PEF: 2019-2020

Resolución de aprobación da Liquidación orzamentaria de data: 13/02/2019

Proposta de Resolución da Liquidación de data: 13/02/2019

ASUNTO: Plan Económico Financeiro, Liquidación Orzamento ano 2018

Grupo de Consolidación: Entidade Local, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións: MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI.

Resultado: Incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da Regra de Gasto


Xustificación: Indemnización por resolución do contrato polo auto do Xulgado do Mercantil número 3 de Pontevedra, no que se declara extinguido o contrato concesional. Acordo da Xunta de Goberno Local na sesión de 28 de xuño de 2018, de incoar o expediente de liquidación do Contrato de Concesión de Obra Pública en base ao informe de valoración da consultora Nostrum Auditores SLP. Acordo da Xunta de Goberno Local, sesión da 22/10/2018, de aprobación da indemnización por resolución do Contrato por unha contía de 35.214.290,04 euros

Órgano competente: Pleno da Corporación, previa aprobación pola Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión informativa de Orzamentos e Facenda.

Tutela financeira: Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a quen lle corresponde a súa aprobación.

Por Resolución da Alcaldía de data 13/02/2019, foi aprobada a Liquidación do Orzamento do ano 2018, previa proposta do Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda, co informe previo do Interventor Xeral sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto correspondente á Liquidación do Orzamento do ano 2018 do grupo de consolidación Concello de Vigo. A vista do informe, en cumprimento da Lexislación aplicable e a Resolución do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, fórmase o Plan Económico Financeiro, SIN MEDIDAS, que equilibra a situación conxuntural xerada no ano 2018.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

I.- Causas do incumprimento. Antecedentes que orixinan o desequilibrio

Primeiro.- Adxudicación do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 06/03/2006. Acordo do mesmo órgano en sesión do 09/10/2006, de aprobación del proxecto básico. En data 27 de xuño de 2013, a mercantil PAZO DE CONGRESOS, SA, solicitou o equilibrio económico do contrato de concesión de obra pública, aducindo o incumprimento na súa práctica da totalidade das previsións económico financeiras da concesión.

Rexeitada esta petición polo Concello de Vigo, foi reproducida en vía xurisdiccional, sendo desestimada por sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, de data 16/03/2015, ditada no procedemento ordinario nº 1/2014; sentenza confirmada pola do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 24/09/2015, ditada no recurso de apelación nº 4262/2015.

Con data 21 de xullo de 2016, o Consello de Administración de Pazo de Congressos de Vigo, S.A., en base ao déficit de caixa existente, acordou comunicar ao Xulgado do mercantil competente o inicio de negociacións cos acredores da Sociedade, para lograr un acordo de refinanciamento ou, no seu caso, para obter unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos no artigo 5 bis da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal.

Con data 07/10/2016, a XGL, solicitou dos accionistas determinados cumprimentos en relación co PCAP, que presentaron recurso de reposición. Con data 22 de novembro de 2016, a mercantil solicita o concurso.

Segundo.- En data 13 de novembro de 2017, o Xulgado do Mercantil número 3 de Pontevedra, ditou auto declarando extinguido o contrato concesional de obra Pública Pazo de Congressos.

Terceiro.- En data 14 de marzo de 2018, o Consello Consultivo de Galicia, no ditame 264/2017, determina que non é posible ditaminar sobre o fondo da cuestión proposta “extinguido o contrato concesional por Auto do Xulgado do Mercantil número 3 de Pontevedra de 13/11/2017”.

Cuarto.- En data 24 de abril de 2018, o administrador concursal de Pazo de Congressos presenta escrito solicitando a liquidación do contrato. Axunta ao escrito informe dun perito auditor no que xa se propón o modo de practicar a liquidación, fixando a indemnización por unha contía de 74.433.735,62 euros.

Quinto.- En data 14 de maio de 2018, a XGL acordou desestimar o recurso de reposición citado no antecedente primeiro, penúltimo parágrafo.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 22/02/2019 11:46

Páxina 2 de 36

Expediente 60/142

CSV: 2FEC54-8C5B57-5D42A4-3PSN51-TCX6AG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

Sexto.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de xuño de 2018, adoptou o acordo de incoar o expediente de liquidación do Contrato de Concesión de Obra Pública en base ao informe de valoración da consultora Nostrum Auditores SLP (indemnización en 35.214.290,04 euros). A valoración contradictorio foi notificada a Sociedade Liquididad, que a súa vez, foi sometida a consideración da Xunta Xeral de Acredores en sesión celebrada o 4 outubro de 2018, e que resultou aprobada a proposta do Administrador concursal por unanimidade dos asistentes.

Sétimo.- En consecuencia co anterior, a Xunta de Goberno Local en base aos antecedentes e informes xurídicos e de fiscalización que figuran no expediente, en sesión celebrada 22 de outubro de 2018, aproba a indemnización a satisfacer pola resolución/liquidación do concurso de acredores e polos activos entregados ao Concello o 31 de marzo, en 35.214.290,04 euros.

A achega total feita ao contrato de Concesión da Obra Pública con recursos públicos foi de 28.320.280 euros, polo que o pago neto que habería que facer aos acredores sería de 46.113.455,62 euros (74.433.735,62 euros - 28.320.280 euros). A aceptación da valoración contradictoria que fixo o Concello supuxo un aforro en relación coa indemnización solicitada e descontada a achega pública á obra, de 10.898.5435,62 euros.

Oitavo.- Recursos para o financiamento da indemnización.- O Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o 27 de xuño de 2018, aprobou inicialmente o expediente nº 54/142 de Modificación Orzamentaria nº 29/2018, expoñéndose o mesmo ao público, segundo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 127 de data 3 de xullo de 2018, rematando o prazo o día 24 de xullo.

Na devandita modificación, figuraban como un dos empregos, unha parte da devandita indemnización. O recurso utilizado era o Superávit SEC-2010 da Liquidación do ano 2017 por unha contía de 4.000.000,00 de euros, e con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, outros 4.000.000,00 de euros, polo que o gasto computable aos efectos do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria era de 8.000.000,00 de euros, e aos efectos do cumprimento da regra de gasto, 4.000.000,00 de euros (por non computar na regra de gasto as IFS, financiadas con superávit SEC).

Así mesmo, polos recursos obtidos pola venda da parcela na que se situaba o antigo hotel Samil, nº de inventario 3928, 2.626.000,00 euros, este emprego non ten efecto no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nin da regra de gasto. No primeiro obxectivo, por estar a producirse o recurso e o emprego, no segundo, por ser deducible do gasto computable o produto das venda de inmobles, non hai variación neta do stock de capital.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 22/02/2019 11:46

Páxina 3 de 36

Expediente 60/142

CSV: 2FEC54-8C5B57-5D42A4-3PSN51-TCX6AG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

Venta de bens inmobles, cun precontrato vinculante, só condicionado polo removemento de obstáculos que foron resoltos polo Pleno en sesión do 26 de decembro de 2018, polo que se obtiveron recursos por unha contía de 5.615.168,00 de euros, non tendo efectos no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nin da regra de gasto polos motivos antes explicitados.

Pola venta de PMS, transferida da XMU, 4.000.000,00 de euros, non tendo efectos no cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nin da regra de gasto na XMU.

Pola tramitación do expediente 20183/240, de modificación de crédito (Suplemento de crédito nº 94/2018), polo importe de 15.614.920,04 euros, financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais, computando tanto para o cálculo do obxectivo de estabilidade orzamentaria como para o da regra de gasto.

II.- Gasto financiando con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais

En relación co tratamento que debe darse ao gasto financiado co Remanente Líquido de Tesourería no cálculo das regras fiscais de estabilidade e regra de gasto, dende o ano 2001, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), ven solicitando ao Ministerio de Facenda, que o Remanente de Tesourería xerado pola Administración Local, debería ter un tratamento diferenciado, consecuencia do orixe do afloramento (ingreso ordinario-gasto ordinario), de tal forma que non computase no cálculo de estabilidade nin da regra de gasto.

O mesmo acontece cos chamados gastos atípicos, excepcionais e non recorrentes, que supoñen un desequilibrio non estrutural, polo que, ao amparo do previsto no artigo 3.2 e 11.2 da LOEPSF, non habería que presentar un PEF, xa que non concorre o suposto de desequilibrio estrutural.

O MINHAC foi dilatando a asunción da situación e postergou temporalmente a obriga de elaborar un plan económico financeiro a final do exercicio por razón do uso do RLTTGG, o denominado "Plan Económico Financeiro sin medidas", por un gasto NON RECORRENTE.

A proposta que ten enriba da mesa o MINHAC, que novamente volve a ter actualidade nos traballos do grupo técnico que MINHAC - FEMP teñen creado, coa finalidade de estudo e análise da aplicación da Regra de gasto, sendo a proposta da FEMP que, "Las incorporaciones de crédito financiadas con remanente de tesorería en cualquiera de sus variantes no computarán en el cálculo de la regla de gasto", solicitando que entanto se promove a reforma, anticiparse con esta referencia nunha nova Guía de cálculo da regra de gasto. Actualmente, a proposta está en estudo.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 22/02/2019 11:46

Páxina 4 de 36

Expediente 60/142

CSV: 2FEC54-8C5B57-5D42A4-3PSN51-TCX6AG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

Esta é a situación que ten o Concello de Vigo co orixe na resolución do Contrato de concesión de obra pública do Pazo de Congressos de Beiramar, que rematou na valoración contradictoria, que aínda que beneficiosa para os intereses municipais, deu lugar a un gasto e pago de carácter orzamentario financiado en parte con RLTGG nunha contía de 22.973.752,04 euros, que xerou os desequilibrios que agora mesmo xustifican a tramitación dun Plan Económico Financeiro, sen que sexa necesario a incorporación de medidas adicionais, partindo de que o Orzamento vixente xa está en equilibrio e da cumprimento aos obxectivos fiscais aprobados para o ano 2019.

Así mesmo, da previsión da Liquidación do Orzamento, tamén se evidencia un cumprimento dos obxectivo para o peche dos anos 2019/2020.

Gasto computable aos efectos de estabilidade orzamentaria


O gasto computable para o cálculo do obxectivo da estabilidade orzamentaria polos empregos correspondentes á indemnización pola resolución do contrato de concesión de obra pública do Pazo de Congressos de Vigo, é o seguinte:

Concepto	Importe
Indemnización	35.214.290,04
(-), Venta solo Hotel Samil, computa en gastos e ingresos (neutro)	-2.626.000,00
(-), Venta inmoble Reitorado, computa en gastos e ingreso (neutro)	-5.615.168,00
(-) Venta PMS, computa en gasto e ingreso (efecto neutro no grupo), computa en XMU	-4.000.000,00
Impacto NETO da indemnización na estabilidade orzamentaria	22.973.122,04

Gasto computable aos efectos da Regra de Gasto

Concepto	Importe
Indemnización	35.214.290,04
(-), Aplicación do Superávit SEC 2017 (non computa)	-4.000.000,00
(-), Venta solo Hotel Samil, computa en gastos e axústase (neutro)	-2.626.000,00
(-), Venta inmoble Reitorado, compota en gastos e axústase (neutro)	-5.615.168,00
(-), Venta PMS, computa en gasto , axuste en XMU, computa como gasto no Concello	-4.000.000,00
Impacto NETO da indemnización na Regra de gasto	18.973.122,04





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

En canto aos efectos para o cálculo da Regra de gasto, ademais de deducir o gasto financiado coa venda de inmobles, ao amparo do previsto na DA sexta da Lei Orgánica 2/2012, tamén hai que deducir os 4.000.000,00 de euros financiados co superávit SEC-2010 correspondentes á Liquidación do orzamento do ano 2017, por non computar aos efectos do previsto no artigo 12 da precitada norma.

Como se verifica no Plan, e que tamén se reflicte aquí, a contía dos desequilibrios, tanto en estabilidade como en regra de gasto, é por unha contía moito menor que o gasto financiado con RLTTG, o cal pon de manifesto que o Orzamento do Grupo do ano 2018, se non acontecese esta situación extraordinaria, pecharía con superávit e dando cumprimento ao límite do teito de gasto.

Non se considerou na análise e cálculo do cumprimento da regra de gasto, a situación extraordinaria como un gasto atípico, axustable ou non computable a estes efectos, aínda que a propia Guía do MINHAC, posibilita o axuste de gastos atípicos, non especificando unha lista ou os criterios que teñen que ter este tipo de gastos. Tamén está en estudo no grupo de traballo técnico esta acotación, para definir de forma inequívoca que requisitos deben cumprir este tipo de gastos para ter a condición de gasto non computable.

Contía do incumprimento dos obxectivos do GRUPO DE CONSOLIDACIÓN


Estabilidade orzamentaria incumprimento obxectivo 0%, resultado (Déficit).

Variable	Entidade	XMU	MARCO	FAIMEVI	C.BUREAU	Total
Est. Orzamentaria	-6.609.945,80	2.791.179,96	37.284,40	10.176,38	29.829,43	-3.741.475,63

Regra de gasto, Variación da TRCPIB₂₀₁₈ < que a variación do gasto computable.

Institución	Límite	Gastos executado axustado	Diferencia
Entidade	208.903.569,92	-227.418.307,67	-18.514.737,75
O.A.Xerencia M. de Urbanismo	5.190.085,82	-579.169,20	4.610.916,62
Fundación MARCO	843.024,40	-757.094,27	85.930,13
Fundación C. BUREAU	408.190,54	-451.840,64	-43.650,10
Fundación FAIMEVI	369.585,59	-12.608,36	356.977,23
TOTAL	215.714.456,27	-229.219.020,14	-13.504.563,87





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

Os axustes de gasto e recadación figuran nas distintas táboas que se inclúen no Plan contido neste documento.

Hai incumprimento da Regra de gasto tendo en conta a variación do gasto computable máximo entre o ano 2017 e 2018, segundo a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía Española (TRCPIB) para o ano 2018, fixada no 2,4%.

A información de orixe para o cálculo da Regra de gasto que conforma a base para a aplicación da TRCPIB, ten o seu fundamento na Liquidación do ano 2017 e nos propios datos publicados polo Ministerio de Facenda.

A situación final que se reflicte para as dúas variables, xa foi comunicada ao Ministerio na información referida ao cuarto trimestre do ano.

Na comunicación que o Concello fixo ao MINHAC e a AIREF, que previamente comunicouse ao Pleno, sobre as Líñas Fundamentais do Orzamento para o ano 2019, xa figuraba este pasivo continxente (35 millóns), e relacionábanse as posibles fontes de recursos para facerlle fronte.

III.- Lexislación aplicable.

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP).

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con Habilitación de carácter nacional.

Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sosbibilidade Financeira (LOEPSF).

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, RDLEP.

Regulamento nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, (DOCE do 26/06/2013), relativo ao Sistema Europeo de Constas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC 2010).



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 22/02/2019 11:46

Páxina 7 de 36

Expediente 60/142

CSV: 2FEC54-8C5B57-5D42A4-3PSN51-TCX6AG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

Regulamento 479/2009, do Consello, do 25 de maio de 2009, relativo á aplicación o Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo.

Directiva 2011/7/UE, do Parlamento Europeo e do Consello de 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), coa modificación operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais e Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008.

ORDE HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.

IV.- Introducción e diagnóstico da situación

A preparación, aprobación, execución e liquidación de Orzamentos e outras accións que afecten a gastos ou aos ingresos das entidades locais estarán suxeitas aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coherentes coa normativa europea de acordo co disposto nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, (LOEPSF).

Entenderase como Estabilidade orzamentaria das administracións públicas a situación de equilibrio ou excedente estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 do LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Do mesmo xeito, o principio de Sostibilidade financeira, entendida como a capacidade de financiamento dos compromisos de gastos actuais e futuros dentro límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de conformidade co disposto nesta lei, normativa sobre morosidade e normativa europea.

En cumprimento do previsto no artigo 12 da LOEOSF, se avaliará o cumprimento da regra de gasto, esta regra de consolidación fiscal determina que a variación do gasto computable non superará a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto a medio prazo da economía



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 22/02/2019 11:46

Páxina 8 de 36

Expediente 60/142

CSV: 2FEC54-8C5B57-5D42A4-3PSN51-TCX6AG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

Española, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade (2,4% para 2018 , 2,7% para 2019 e 2,8% para o ano 2020).

O art. 191.3 do TRLRFL, esixe que que a liquidación do orzamento este confeccionada antes do do primeiro de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda aquela. O artigo 193.5 da mesma norma, esixe que as EE.LL remitan copia da Liquidación dos orzamentos á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma que exerza a tutela antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda. O momento do determinar o cumprimento ou incumprimento é o da liquidación perimetral do conxunto de Entidades consideradas administración pública.

O artigo 21.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, determina que "en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo da débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita que no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou o da regra de gasto ". En consecuencia, o cumprimento deberá verificarse ao longo dos dous anos de vixencia do PEF, sendo este o prazo de vixencia do mesmo. Os empregos a ter en consideración, é o gasto efectivamente liquidado no exercicio (n-1), que se pon de manifesto coa Liquidación do Orzamento do conxunto dos entes que conforman o perímetro de consolidación.


Empregos do Remanente Líquido de Tesourería da Liquidación do ano 2017

Modificación	Nº Mod.	Importe	Importe dispoñible
Remanente Inicial Entidade			91.061.195,67
Incorporación de remanentes	2/2018	-15.304.780,00	
Aplicación do superávit SEC 2010, Liqui. 2017, (4 mill. P. Congresos)	29/2018	-15.000.000,00	
Utilización de RLTTG ≠ de superávit, Liqui. 2017, P. Congresos	29/2018	-4.000.000,00	
Indemnización Resolución contrato P. Congresos	94/2018	- 15.614.920,04	
Remanente L. Tesourería dispoñible Entidade			41.141.495,63

Liquidación do Orzamento do ano 2018

O informe da Intervención Xeral de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, pon de manifesto un incumprimento de ambos obxectivos, tendo causa no feito obxectivo da imputación ao Orzamento do 2019 á indemnización pola resolución do contrato de concesión da obra pública do Pazo de Congresos.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

O desequilibrio non é estrutural tal e como considera o artigo 3.2 e 11.2 da LOEPSF, polo que, se se tivese definido en normas de desenvolvemento o criterio de estrutural, non se tería que tramitar e aprobar un PEF. No caso da Orde HAP/2105/2012 e nas guías tanto do MINHAC, como no criterio sostido actualmente pola IGAE, é preceptivo a tramitación do PEF na situación vixente en tanto non se de outra interpretación en relación cos cualificados como gastos atípicos non recorrentes como os cualifica a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF).

Na actual situación, se ven o gasto non financeiro da operación non é recorrente, debería ser susceptible dun axuste, non se se está a considerar como gasto atípico por falta dun desenvolvemento claro ao respecto, sendo a contía dos incumprimentos os seguintes:

Necesidade de financiamento obxectivo: equilibrio.

Aínda que a análise faise para cada unha das entidades que conforman o grupo de consolidación, o incumprimento mídese en termos consolidados.

Incumprimento do obxectivo de estabilidade


Variable	Entidade	XMU	MARCO	FAIMEVI	C.BUREAU	Total
Est. Orzamentaria	-6.609.945,80	2.791.179,96	37.284,40	10.176,38	29.829,43	-3.741.475,63

Incumprimento da regra de gasto (Liquidación 2017*TRCPIB₂₀₁₈ +VPI₂₀₁₈), TRCPIB, 2,4%:

Institución	Límite	Gastos executado axustado	Diferencia
Entidade	208.903.569,92	-227.418.307,67	-18.514.737,75
O.A.Xerencia M. de Urbanismo	5.190.085,82	-579.169,20	4.610.916,62
Fundación MARCO	843.024,40	-757.094,27	85.930,13
Fundación C. BUREAU	408.190,54	-451.840,64	-43.650,10
Fundación FAIMEVI	369.585,59	-12.608,36	356.977,23
TOTAL	215.714.456,27	-229.219.020,14	-13.504.563,87

Os gastos non financeiros da Xerencia Municipal de Urbanismo foron obxecto de axuste, tanto polo que se refire a venda de PMS, por diminuír o stock de capital, como pola operación interna de transferencia ao Concello. Na Entidade Local, os axustes foron polas vendas patrimoniais.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

Aos efectos da proxección dos exercicios 2019/2020, o gasto computable de inicio correspóndese co gasto computable axustado en termos do SEC do peche do ano 2018.

Efectos sobre os obxectivos de cumprimento imputables a esa situación extraordinaria conxuntural que xerou os desequilibrios:

Impacto na estabilidade orzamentaria.

Concepto	Importe
Indemnización	35.214.290,04
(-), Venta solo Hotel Samil, computa en gastos e ingresos (neutro)	-2.626.000,00
(-), Venta inmovible Reitorado, computa en gastos e ingreso (neutro)	-5.615.168,00
(-), Venta PMS, computa en gasto e ingreso (efecto neutro)	-4.000.000,00
Impacto NETO da indemnización na estabilidade orzamentaria	22.973.122,04

Impacto na regra de gasto


Concepto	Importe
Indemnización	35.214.290,04
(-), Aplicación do Superávit SEC 2017, é obxecto de axuste por IFS, DA 6ª LOEPSF	-4.000.000,00
(-), Venta solo Hotel Samil, computa en gastos é obxecto de axuste (neutro)	-2.626.000,00
(-), Venta inmovible Reitorado, computa en gastos é obxecto de axuste (neutro)	-5.615.168,00
(-), Venta PMS, computa en gasto, axuste en XMU, computa como gasto no Concello	-4.000.000,00
Impacto NETO da indemnización na estabilidade orzamentaria	18.973.122,04

Ponse de manifesto que os incumprimentos teñen causa na situación extraordinaria, e que os mesmos non teñen carácter estrutural nin é un gasto recorrente nin é consolidable.

De non concorrer a situación descrita, o Concello e o seu Grupo, darían cumprimento ao obxectivo de estabilidade e da Regra de gasto, polo que, o Plan Económico Financeiro, e un Plan sen medidas adicionais, que como se comprobará, a Liquidación dos Orzamentos do ano 2019/2020, pecharán dando cumprimento a regra de gasto e a estabilidade orzamentaria.

Se se considerase a aplicación directa dos artigos 3.2 e 11.2 da LOEPSF, ao non concorrer a circunstancia de déficit estrutural, non requirirá a tramitación do PEF.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

V.- Magnitudes obtidas da Liquidación do orzamento do ano 2018

Aos efectos de delimitar as variables máis importantes en relación coa Liquidación, resúmense os estados orzamentarios máis relevantes. Neste caso, estes estados son só aplicables aos entes que teñen orzamento limitativo, non entrando aquí as Fundacións.

1.- En relación ao resultado orzamentario e o remanente líquido de tesourería para GG.

Entidade			Estados Consolidados		
Remanente L. Tesourería GG		R. Orzamentario	Remanente L. Tesourería GG		R. Orzamentario
2017	2018	2018	2017	2018	2018
91.061.195,67	76.489.706,16	29.236.516,07	94.344.408,64	80.609.468,62	30.221.683,45


2.- En relación co Aforro neto

ENTIDADE			ESTADOS CONSOLIDADOS		
capítulo	Dereitos R. Netos	Obrigas R. Netas	capítulo	Dereitos R. Netos	Obrigas R. Netas
1	110.306.866,98	61.477.521,34	1	110.306.866,98	65.095.746,01
2	9.096.860,78	116.263.999,08	2	9.096.860,78	117.672.920,16
3	42.591.427,98		3	43.869.147,97	0,00
4	78.920.695,95	31.632.302,61	4	77.837.148,48	25.808.902,61
5	2.643.510,64	,00	5	2.685.282,48	0,00
TOTAL	243.559.362,33	209.373.823,03		243.795.306,69	208.577.568,78
AF. BRUTO	34.185.539,30			35.217.737,91	
(-) Dv.+ G. Corrente	0,00				
(-) Ing. Non recurr.					
CE	-1.031.928,74			-1.031.928,74	
(-) Dv.- G. Corrente					
G.C.Finan.Con R.LT		301.277,22			323.277,22
(-) A.T.A	-2.654.066,52			-2.654.066,52	
AF.NETO	30.800.821,26			31.855.019,87	

3.- En relación co endebedamento financeiro do grupo

Nin o Concello nin o grupo mantén ningún saldo vivo de débeda financeira, situación que se ven dando dende o ano 2016, salvo supostos illados de operacións de factoring sin recurso, que na actualidade non se autorizan.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

Achégase unha táboa neste informe en relación co grupo de consolidación.

VI.- Obxectivos que tería que cumprir a Liquidación do orzamento do ano 2018 do grupo

Taxa de Referencia do Crecemento do Produto Interior Bruto a medio prazo da Economía Española (TRCPIB), para o ano 2018, 2,4%. Resultado maior gasto computable.

Capacidade necesidade de financiamento, 0%, equilibrio. Resultado, déficit.

Débeda pública, 2,7%.

Pola causa antes explicada, non hai cumprimento dos obxectivos de estabilidade nin da regra de gasto.

Cúmprese con obxectivo de débeda.

VII.- Contido do Plan Económico Financeiro e prazo de presentación e aprobación


De acordo co previsto no artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, o contido do plan terá como mínimo a seguinte información:

- a) Causas do incumprimento.
- b) Previsións tendenciais de gastos e ingresos.
- c) Descrición, cuantificación e calendario das medidas incluídas no plan.
- d) Previsión das variables económicas e orzamentarias das que se parten.
- e) Unha análise de sensibilidade con escenarios alternativos.

En relación as causas do incumprimento. Quedan perfectamente determinadas, sendo a mesma a situación extraordinaria xerada pola imputación ao Orzamento a indemnización por resolución do Contrato de Concesión de Obra pública do Auditorio Pazo de Congressos, que xa se describiu anteriormente todo o procedemento e a contía da resolución.

En relación coas previsións tendenciais.- descrición e calendario das medidas. En relación ao Plan sin medidas que se tramita, as previsións de execución dos gastos e dos ingresos para os anos 2019/2020 son as obtidas segundo as porcentaxes de execución, liquidación e recadación que figuran desenvolvidas e explicadas neste Plan e que teñen fundamento nas series de anos precedentes.





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

Tamén carece de sentido a análise de sensibilidade, xa que os gastos e ingresos están proxectados segundo o Orzamento aprobado polo Pleno para o ano 2019 (sesión do 26/12/2018). Ademais, os criterios de execución están aplicados na máxima prudencia para os ingresos e na proxección de máximo para os gastos.

Prazo de tramitación e aprobación do plan

O prazo está regulamentado no artigo 23.1 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses dende a presentación e a súa posta en marcha no poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

Ao tratarse dun Plan sen medidas, non hai calendario de aplicación das mesmas que entre en vigor, sendo o requisito a vixilancia sobre as previsións feitas de execución do gasto e ingreso.

O Plan será incorporado á plataforma do Ministerio (MINHAC) seguindo o modelo/aplicativo que figura para este tipo de expedientes (PEFEL2).

Remitirase á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia por ser o órgano que ostenta a tutela financeira para a súa aprobación.

En relación co seguimento.- Deberá ser obxecto dun seguimento trimestral en base ao artigo 9.3 da Orde HAP/2015/2012, competencia do órgano que ostente a tutela financeira, neste caso, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

En canto ao seguimento semestral.- O Plan que se somete a aprobación, de tipo formal, será obxecto de seguimento pola Xunta de Galicia por ter a tutela financeira segundo o artigo 49 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. O informe semestral ao que se refire o artigo 24.4 da LOEPSF e o artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, será obxecto de publicación a través da Central de Información Económico-Financeira das AAPP.

VIII.- En relación co orzamento aprobado para o ano 2019, modificación por incorporación de remanentes, previsión de recoñecemento de dereitos e obrigas e previsións para 2020.

Vaise a incorporar por separado, os estados da Entidade, o do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do Perímetro de consolidación.

No caso da Entidade, o Orzamento definitivo do 2019, reflicte a modificación orzamentaria de incorporación de remanentes, avaliándose a súa execución e impacto na Liquidación do 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 22/02/2019 11:46

Páxina 14 de 36

Expediente 60/142

CSV: 2FEC54-8C5B57-5D42A4-3PSN51-TCX6AG-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142


No Organismo Autónomo XMU, non se incorporara a devandita modificación, todo o gasto que conforma a incorporación de remanentes, finánciase co exceso de financiamento afectado, polo que o seu efecto sobre a liquidación é neutro.

Orzamento da Entidade e liquidación prevista 2019/2020

INGRESOS							
CAP.	CONCEPTO	2019				2020	
		ESTADOS ENTIDADE				C.DEFINITIVOS	DRNE
		C.INICIAL	MODIFICA.	C.DEFINITIV	DRNE	C.DEFINITIVOS	DRNE
1	Ing. Directos	108.960.818,00		108.960.818,00	111.597.669,80	111.140.034,36	114.298.333,41
2	Ing. Indirectos	8.493.508,00		8.493.508,00	8.918.183,40	8.663.378,16	9.134.003,44
3	Taxas e outros	39.271.725,53		39.271.725,53	42.020.746,32	40.057.160,04	43.037.648,38
4	Transfer. e Subv.corre	80.193.073,39		80.193.073,39	80.193.073,39	81.796.934,86	82.133.745,77
5	Ingresos patrimoniais	3.020.200,00		3.020.200,00	2.959.796,00	3.080.604,00	3.031.423,06
(A)	IG.N.F.OP.Correntes	239.939.324,92		239.939.324,92	245.689.468,91	244.738.111,42	251.635.154,06
6	Ventas				,00		
7	Trnsfer. E Subv. Capital	16.576.285,48		16.576.285,48	16.576.285,48		
(B)	INF.Operacións de capital	16.576.285,48		16.576.285,48	16.576.285,48	2.728.263,39	2.728.263,39
(A+B)=	Ingresos non financeiros	256.515.610,40		256.515.610,40	262.265.754,39	247.466.374,81	254.363.417,45
8		646.000,00	32.176.404,51	32.822.404,51	570.350,00	14.646.000,00	570.350,00
9		,00	,00	,00			
TOTAL		257.161.610,40	32.176.404,51	289.338.014,91	262.836.104,39	262.112.374,81	254.933.767,45

GASTOS ENTIDADE							
CAP.	CONCEPTO	2019				2020	
		ESTADOS				C.DEFINITIVOS	ORN
		C.INICIAL	MODIFICA.	C.DEFINITIV	ORN	C.DEFINITIVOS	ORN
1	Gastos de persoal	67.882.697,30		67.882.697,30	64.488.562,44	69.240.351,25	65.778.333,68
2	Gastos en bens c. e serv.	123.267.438,51	1.674.445,14	124.941.883,65	117.445.370,63	125.566.593,07	118.032.597,48
3	gastos financeiros	3.530,00		3.530,00	,00		
4	Trnsferencias e Subv.corre	33.968.597,81		33.968.597,81	32.609.853,90	34.308.283,79	32.592.869,60
5	fondo de continxencia	600.000,00		600.000,00	,00		
(A)	IG.N.F.OP.Correntes	225.722.263,62	1.674.445,14	227.396.708,76	214.543.786,97	229.115.228,10	216.403.800,77
6	Investimentos reais	29.812.598,54	30.302.602,24	60.115.200,78	42.080.640,55	31.401.146,71	20.410.745,36
7	Trnsfer. E Subv. Capital	980.748,24	199.357,13	1.180.105,37	1.121.100,10	950.000,00	902.500,00
(B)	INF.Operacións de capital	30.793.346,78	30.501.959,37	61.295.306,15	43.201.740,65	32.351.146,71	21.313.245,36
(A+B) =	Gastos non financeiros	256.515.610,40	32.176.404,51	288.692.014,91	257.745.527,62	261.466.374,81	237.717.046,13
8		646.000,00		646.000,00	570.350,00	646.000,00	570.350,00
9		,00		,00	,00		
TOTAL		257.161.610,40	32.176.404,51	289.338.014,91	258.315.877,62	262.112.374,81	238.287.396,13





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142


Para o ano 2020, estímase unha incorporación de remanentes de 14 millóns de euros.
No ano 2019, a incorporación foi de 32, 2 millóns de aí a diferenza nos gastos non financeiros.

Orzamento e Liquidación prevista da Xerencia Municipal de Urbanismo 2019/2020

INGRESOS							
CAP.	CONCEPTO	2019				2020	
		C.INICIAL	MODIFICA.	C.DEFINITIV	DRNE	C.DEFINITIVOS	DRNE
1	Ing. Directos	,00		,00	,00	,00	,00
2	Ing. Indirectos	,00		,00	,00	,00	,00
3	Taxas e outros	1.345.100,00		1.345.100,00	1.325.369,00	1.372.002,00	1.350.442,00
4	Transfer. e Subv.corre	6.348.980,00		6.348.980,00	6.348.980,00	6.348.980,00	6.348.980,00
5	Ingresos patrimoniais	10.000,00		10.000,00	9.800,00	10.200,00	10.037,16
(A)	IG.N.F.OP.Correntes	7.704.080,00		7.704.080,00	7.684.149,00	7.858.161,60	7.870.105,41
6	Ventas			,00			
7	Trnsfer. E Subv. Capital	,00		,00	,00		
(B)	INF.Operacións de capital	,00		,00	,00	,00	,00
(A+B)=	Ingresos non financeiros	7.704.080,00		7.704.080,00	7.684.149,00	7.858.161,60	7.870.105,41
8		25.000,00	,00	25.000,00	21.250,00	25.000,00	21.250,00
9		,00	,00	,00	,00		
TOTAL		7.729.080,00	,00	7.729.080,00	7.705.399,00	7.883.161,60	7.891.355,41

GASTOS							
CAP.	CONCEPTO	2019				2020	
		C.INICIAL	MODIFICA.	C.DEFINITIV	ORN	C.DEFINITIVOS	ORN
1	Gastos de persoal	4.066.948,00		4.066.948,00	3.863.600,60	4.148.286,96	3.940.872,61
2	Gastos en bens c. e serv.	1.891.506,45		1.891.506,45	1.778.016,06	1.891.506,45	1.778.016,06
3	gastos financeiros	,00		,00	,00		
4	Trnsferencias e Subv.corre	1.368.856,73		1.368.856,73	1.368.856,73	1.368.856,73	1.368.856,73
5	fondo de continxencia	,00		,00	,00		
(A)	IG.N.F.OP.Correntes	7.327.311,18		7.327.311,18	7.010.473,39	7.408.650,14	7.087.745,41
6	Investimentos reais	326.768,82		326.768,82	228.738,17	399.511,46	259.682,45
7	Trnsfer. E Subv. Capital	50.000,00		50.000,00	47.500,00	50.000,00	47.500,00
(B)	INF.Operacións de capital	376.768,82		376.768,82	276.238,17	449.511,46	307.182,45
(A+B)=	Gastos non financeiros	7.704.080,00		7.704.080,00	7.286.711,56	7.858.161,60	7.394.927,85
8		25.000,00		25.000,00	21.250,00	25.000,00	21.250,00
9		,00		,00	,00		
TOTAL		7.729.080,00	,00	7.729.080,00	7.307.961,56	7.883.161,60	7.416.177,85





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación. O gasto previsto está relacionado co executado no ano 2018 coa evolución dos gastos de persoal previstos para o persoal ao servizo das administracións publicas.

Fundación	GASTOS		INGRESO		GASTOS		INGRESO	
	2019				2020			
	Persoal	Actividade	Aportacións	Outros	Persoal	Actividade	Aportacións	Outros
MARCO	367.307,40	398.786,70	760.000,00	60.000,00	374.653,55	402.588,65	770.000,00	65.000,00
C.BURE	164.779,00	285.070,00	480.000,00	3.000,00	168.074,58	287.921,00	485.000,00	3.000,00
FAIMEV		15.000,00		15.000,00				


ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN ANO 2018 COA OPERACIÓN DE PAZO DE CONGRESOS (liquidación e informe de estabilidade)

Entidade	Exercicio 2018				
	I.N.Financei.	G.N.Financei.	Axustes propios	Axust.Op. Inte	Cap/Neces.
Concello	259.557.729,91	264.675.792,31	-1.491.883,40	,00	-6.609.945,80
F. FAIMEVI	22.818,48	12.642,10	,00	,00	10.176,38
F. MARCO	795.811,53	758.527,13	,00	,00	37.284,40
O.A. XMU	13.965.021,86	11.026.045,08	-147.796,82		2.791.179,96
F. C.BUREAU	481.670,07	451.840,64	,00		29.829,43
Total					-3.741.475,63

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN ANO 2018 SIN A OPERACIÓN DE PAZO DE CONGRESOS (Axuste na liquidación e no informe de estabilidade)

Entidade	Exercicio 2018, Con Pazo de Congressos					2018, Sin Pazo Congressos		
	I.N.Financei.	G.N.Financei.	Ax. propios	Axust.Op. Inte	Cap/Neces.	+RLT. P.Congr.	-Ventas patr.	Cap/Neces.
Concello	259.557.729,91	264.675.792,31	-1.491.883,40	,00	-6.609.945,80	35.214.290,04	-12.241.168,00	16.363.176,24
F. FAIMEVI	22.818,48	12.642,10	,00	,00	10.176,38			10.176,38
F. MARCO	795.811,53	758.527,13	,00	,00	37.284,40			37.284,40
O.A. XMU	13.965.021,86	11.026.045,08	-147.796,82		2.791.179,96	4.000.000,00	-4.000.000,00	2.791.179,96
F. C.BUREAU	481.670,07	451.840,64	,00		29.829,43			29.829,43
Total					-3.741.475,63	39.214.290,04	-16.241.168,00	19.231.646,41





CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

O impacto desta operación que tivo un financiamento con Remanente Líquido de Tesourería por unha contía de 22.973.122,04 euros, si se fan os axustes de menor gasto non financeiro na entidade por esa contía, e se deducen os ingresos non financeiros polas vendas patrimoniais pola contía de 12.241.168 euros (Vt.+PMS), a Entidade pecharía cun superávit de 16.363.176,24euros.

A súa vez, no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, habería que facer un axuste negativo en ingresos non financeiros pola venda de PMS que financiou unha parte do custe da resolución contractual por un importe de 4.000.000,00 de euros, e deducir como gasto non financeiro a transferencia que fixo á Entidade pola mesma contía, sendo o superávit pola mesma contía, 2.791.179,96 euros.

Una vez feitos os axustes do impacto que xerou a resolución do contrato, o Grupo de Consolidación pasaría de ter un déficit de -3.741.475,63 euros, a un superávit de 19.231.646,41 euros. En consecuencia, o desequilibrio en froito dunha operación non recorrente sen proxección a exercicios futuros.

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA PREVISTA PARA A LIQUIDACIÓN 2019/2020 (GRUPO)


Entidade	Exercicio 2019					Exercicio 2020				
	I.N.Financei.	G.N.Financei.	Axustes propi	Axust.Op. Inte	Cap/Neces.	I.N.Financei.	G.N.Financei.	Axustes propi	Axust.Op. Int	Cap/Neces.
Concello	262.265.754	257.745.528	673.863	-5.376.143	10.570.233	254.363.417	237.717.046	-3.199.404	-5.376.143	18.823.110
F. FAIMEVI	15.000	15.000			0	0	0	0		0
F. MARCO	820.000	766.094		605.000	-551.094	835.000	777.242		605.000	-547.242
O.A. XMU	7.684.149	7.286.712	-127.000	4.571.143	-4.300.706	7.870.105	7.394.928	-150.000	4.571.143	-4.245.966
F. C.BU	483.000	449.849		200.000	-166.849	488.000	455.996		200.000	-167.996
TOTAL	271.267.903	266.263.182			5.551.584	263.556.523	246.345.212			13.861.907

AXUSTES INTERNOS 2019/2020

Entidade	Gastos	Ingresos	Axuste
Concello	-5.940.000,00	-1.368.856,73	-5.376.143,27
	-605.000,00		
	-200.000,00		
F. FAIMEVI			
F. MARCO		-605.000,00	605.000,00
O.A. XMU	-1.368.856,73	-5.940.000,00	4.571.143,27
F. C.BU		-200.000,00	200.000,00

Os axustes reflectidos na táboa, correspóndense coas transferencias de financiamento incondicional, que no proceso de consolidación son axustados.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/02/2019 11:46	Páxina 18 de 36
	Expediente 60/142	CSV: 2FEC54-8C5B57-5D42A4-3PSN51-TCX6AG-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTACIÓN

Expediente nº: 60/142

Criterios nos que se fundamenta as previsións da liquidación do Orzamento de gastos e ingresos dos anos 2019/2020, vixencia do Plan.

